

## **BANDO DA ALCALDÍA**

**A EXCMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER AS NORMAS ÁS QUE TEÑEN QUE AXUSTARSE TÓDALAS FOGUEIRAS DE "SAN XOÁN" (LUME NOVO):**

1ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou productos contaminantes, fedorentos ou tóxicos e o lanzamento de foguetes.

2ª.- As fogueiras non poderán facerse en lugares próximos á liña eléctrica, inmobles, zonas verdes ou de xardíns, e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo, así coma no casco histórico.

3ª.- O responsable ou responsables e os organizadores de cada fogueira han de retirar do lugar de celebración tódolos restos que queden unha vez rematada a queima.

4ª.- En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, procederase polo Servicio de Extinción de Incendios, e a requirimento da Policía Local, a sufocar de inmediato a fogueira.

5ª.- As solicitudes para obter o permiso para a queima faranse nos impresos que están a disposición dos interesados nas dependencias da Policía Local.

As 13:00 horas do día vinte e dous de xuño de 2018 finaliza o prazo de presentación de instancias.

Lugo, 6 de xuño de 2018  
A ALCALDESA

Asdo.:LARA MÉNDEZ LÓPEZ.



CSV: FptEIReWyPd3liZ9eGYmmg==

SINATURAS

LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA

PAXINA: 1 / 1

DATAS(UTC)

07/06/2018 12:10:23